



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras				X	X	X			X	X		
Zonas: ámbito do plan												
Especies: navalla e longueirón												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados							X	X	X	X		
Zonas: Limpeza de fondos en Area Brava, Pinténs, Vilariño e Mendiña												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Con respecto aos **participantes**, en anos anteriores había 6 embarcacións (15 tripulantes); sen embargo para o ano 2009 no plan de explotación figuran **4 embarcacións e 10 tripulantes (5 prazas vacantes)**. As dúas embarcacións que non figuran con respecto a anos anteriores decaeron do seu dereito a participar no plan de explotación polos seguintes motivos:

a) A embarcación cambiou o seu porto base fora da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que o seu permiso de explotación foi retirado.

b) A embarcación non ten outorgadas as modalidades de recursos específicos (navalla-longueirón, algas e peneira) para o ano 2008. Agora ben se, de ser o caso, se resolvera favorablemente o recurso de alzada contra a resolución desfavorable da Delegación Territorial, a embarcación mantería o seu dereito a ser incluída no plan de explotación presentado, xa que o motivo de aceptar a súa exclusión no plan presentado é que non ten renovada a modalidade de navalla e longueirón no permiso de explotación.

Con respecto á **zona de traballo**, no plan solicítase de punta Alada ata punta Preguntoiro, ampliando a zona (dende punta Morcegos ata punta Preguntoiro) con respecto ao aprobado en anos anteriores, polo que existiría un solapamento co plan de explotación de navalla das confrarías de Portonovo, Sanxenxo, Raxó, Pontevedra, Lourizán, Marín e Bueu. Polo tanto, a zona autorizada é de **punta Alada a punta Morcegos**, salvo que teña lugar un acordo entre as entidades titulares de ambos plans de explotación.

Non se acepta a modificación das subzonas de traballo propostas xa dende o ano 2007, de unir as áreas 1 e 2, debido a que dificultarían a análise estayística e seguimento da evolución da pesqueira de cara ás sucesivas campañas. A denominación será a indicada nas subzonas de explotación. Cando se autorice a apertura simultánea das Zonas 1 e 2, os mergulladores deberán declarar á entidade a procedencia das capturas.



Á vista das campañas de anos anteriores (2007 e 2008) os obxectivos de produción e o número de días considéranse moi elevados. Dende o ano 2007 hai un descenso das capturas debido a unha menor asistencia á pesqueira. Polo tanto, o número de días quedará en 190 días, como no ano 2008, cunha veda nos meses de febreiro e marzo para a navalla e de abril e maio para o longueirón. Calquera modificación deste período require que a entidade presente un estudo actual do índice de condicional gonadal da navalla da ría en cuestión, realizado por un centro recoñecido.

Dado que o calendario presentado non define as circunstancias nas que se acudiría á área principal e á secundaria, co que habería dúas áreas abertas ao mesmo tempo podendo acudir sempre á máis produtiva e tendo en conta que segundo os datos aportados entre xaneiro e setembro só se traballou na zona de reserva durante 4 días dos 24 contemplados no calendario, non se considera xustificada a proposta de abrir dúas áreas (principal e secundaria). Os 190 días máximos deberán repartirse entre as 5 subzonas de explotación do seguinte xeito:

AREA	DÍAS
1+2	64
3	50
4	38
5	38

Só se pode considerar axeitada a proposta de tope de captura de 15 kg de navalla/mergullador/día cando acudan á pesqueira un máximo de 5 mergulladores, reducíndose a 10 kg de navalla/mergullador/día no caso de asistencia de máis de 5 mergulladores. Acéptase a dobre cota de 10 kg de navalla e 10 kg de longueirón cando se traballe nas áreas 1 e 2.

Non se acepta a condición establecida no apartado de observacións xerais (2.6) para que un mergullador poda estar incluído no plan. Os plans de explotación son ferramentas para a xestión da explotación na que se recolle a planificación da actividade extractiva e as medidas para unha explotación sostible. Cando se trate da extracción de recursos dentro dun plan de explotación, a autorización para realizar o mergullo é concedida coa aprobación do plan para a zona e período de vixencia do mesmo, debendo a entidade presentar a aprobación para efectos de seguridade que da a Capitanía Marítima correspondente (Orde de 13 de xuño de 2001, pola que se modifica a do 23 de abril de 1999, pola que se regula o exercicio do mergullo profesional). Isto non exclúe a aprobación dun plan de explotación con participantes que por diversas causas non exercen a actividade durante todo o período de tempo autorizado, sendo necesario que comuniquen cando se incorporan á actividade extractiva e correspondendo a súa inclusión na autorización da Capitanía Marítima.

O plan presentado para o ano 2009, ao igual que sucedía no ano anterior, recolle no apartado de observacións xerais (2.6) que "para que un mergullador poda ser incluído neste plan, será condición indispensable que esté incluído no plan de seguridade", non facendo referencia algunha á exclusión de embarcacións. Pero á vista do exposto anteriormente, **o plan o que si podería establecer é que non poderán desenvolver a actividade sen estar incluídos no plan de seguridade**, pero esa inclusión pode ser por un tempo determinado e non obrigatoriamente por toda a vixencia do plan.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación



necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo

O horario é de 8:00 a 14:00, de conformidade co autorizado para marisqueo dende embarcación segundo o establecido no artigo 115 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

O informe da actividade de mergullo de data 14.11.2008 indica que se poden autorizar as inmersións necesarias para a execución do plan, sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de traballo.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negra o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración
